

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Rúa Dublín, n.6, baixo

CP – 15707, Santiago de Compostela

Á ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DO PORRIÑO

Dona Miriam Rodríguez Sierra, maior de idade, DNI ' ', en nome e representación do **COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**, con CIF ' ' e domicilio na Rúa Dublín, núm. 6, baixo, CP - 15707 de Santiago de Compostela, ante esta Alcaldía comparece e DI

Que por medio do presente escrito, vimos a presentar **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** fronte ás BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS/AS TÉCNICOS/AS DE ORIENTACIÓN LABORAL PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO” no Concello do Porriño, en virtude do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo legal conferido ao efecto e en base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Por Resolución de Alcaldía, publicada o día 26 de decembro de 2023, aprobáronse as Bases e Convocatoria para a selección e contratación de dous/as técnicos/as de orientación laboral, asimilados ao Grupo 2, a xornada completa de 37,5 horas semanais, mediante a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, código 405, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada que non poderá exceder de 12 meses, denominado “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2023/24”.

Segundo.- Na BASE QUINTA, apartado G, régulanse os requisitos das persoas aspirantes para poder acceder ao proceso selectivo, establecéndose como titulación requirida para o posto de Orientación laboral as seguintes: “*Diplomado/a ou graduado/a en Psicología, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía/Ciencias políticas e Socioloxía (Secc. Socioloxía)*,”

Ciencias do Traballo, Relacións Laborais e Recursos Humanos/Relacións Laborais; Graduada/a Social, Diplomado/a ou graduada/o en Dereito, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Empresariais, Educación Social”.

Se ben é certo que a Administración, dentro do exercicio da súa potestade de autoorganización, está facultada para determinar as titulacións de acceso ao emprego público, esta non é unha potestade absoluta senón que se atopa limitada, e estes límites están fixados pola xurisprudencia.

O principio esencial en materia de titulacións de acceso ao emprego público é o que fixa que a titulación requirida sexa congruente coas funcións a desenvolver, é dicir, debe existir una relación adecuada entre a titulación e as tarefas a realizar nos corpos e escalas dos postos de traballo que se pretendan cubrir (STS de 12 de maio do 1995).

Os principios constitucionais de mérito e capacidade no acceso á función pública supoñen a necesidade de que exista unha correspondencia ou correlación entre, dunha parte, as aptitudes, coñecementos e experiencias que sexan requiridos ou valorados no proceso selectivo de acceso e, doutra, os cometidos da praza ou posto a cuxo acceso se aspira.

Neste sentido o artigo 34.2 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, establece que “*O contido dos actos axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e adecuado aos fins de aqueles*”. De aquí deriva un **principio de adecuación entre contido e fin das actuacións administrativas que ten proxección en todo procedemento selectivo**. A expresión do anterior atopámola no apartado e) do artigo 55.2 do Estatuto Básico do Empregado Público “*Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver*” e no mesmo sentido no apartado g) do artigo 49 Lei 2/2015, de 29 de abril da Función Pública de Galicia.

Así mesmo, deben terse en conta as recentes Sentenzas nº 732/2017 do 28 de Abril de 2017 e do 25 de abril de 2016 da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, onde recollen unha máis que asentada xurisprudencia do Alto Tribunal, que se resume no seguinte parágrafo:

“Non pode partirse do principio dunha rigorosa exclusividade a propósito da competencia dos profesionais técnicos, nin se poden reservar por principio ámbitos excluíntes a unha profesión, e aínda cando cabe a posibilidade de que unha actividade concreta poida atribuírse, pola súa especificidade, aos profesionais directamente

*concernidos, esta posibilidad debe ser valorada restrictivamente, tendo en conta que a regra xeral segue sendo a de rexeitamento desa exclusividade, pois a xurisprudencia declarou con reiteración que **fronte ao principio de exclusividade debe prevalecer o de liberdade con idoneidade, xa que, ao existir unha base de ensinos comúns entre algunhas ramas de ensinos técnicos, estas dotan aos seus titulados dun fondo igual de coñecementos técnicos que, con independencia das distintas especialidades, permiten o desempeño de postos de traballo nos que non sexan necesarios uns determinados coñecementos senón unha capacidade técnica común e xenérica que non resulta da titulación específica obtida senón do conxunto dos estudos que se seguiron***".

É importante destacar que non se trata do recoñecemento dun dereito á igualdade de todas as profesionais, senón daquelas que teñen a capacidade técnica real para o desempeño das funcións que lle son propias. A xurisprudencia rexeita, en supostos como o presente, o monopolio de competencias a favor dunha profesión técnica determinada ao manter a necesidade de deixar aberta a entrada a todo título facultativo oficial que ampare un determinado nivel de coñecementos técnicos.

Os procedementos selectivos deben garantir o cumprimento dos dereitos das aspirantes aos mesmos, tendo a obriga as Administracións Públicas de proscribir calquera tipo de favoritismo ou reserva *ad personam*, pois como claramente precisa a Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de marzo de 2015 (rec.442/2013) os procedementos selectivos "*réxense polos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade do artigo 23.2 da Constitución, así como polo principio de interdicción da arbitrariedade que, con carácter xeral, álzase no artigo 9.3CE como límite fronte ás actuacións desviadas e contrarias a Dereito dos Poderes Públicos*".

Terceiro.- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia considera que a titulación de Traballo Social debe estar incluída necesariamente nas titulacións que dan acceso á selección do posto de Orientación Laboral pois entendemos que, tanto polos coñecementos que deben posuír as persoas aspirantes como polas propias funcións que as Traballadoras Sociais realizan no ámbito da Intervención Social, dispoñen das ferramentas e instrumentos suficientes para a realización con garantías das tarefas obxecto da presente convocatoria.

Dentro do Sistema Público de Servizos Sociais, débese destacar a figura dos e das Traballadoras Sociais como profesionais de referencia e como garantes do acceso aos diferentes servizos e prestacións públicos así como da integridade e a continuidade das intervencións (artigo 24 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia). Así tamén consideramos fundamental ter en conta a relevancia dos instrumentos metodolóxicos que se utilizan na intervención social que son propios e exclusivos das e dos Traballadores Sociais como profesionais habilitadas legalmente para a súa elaboración, sen que poda en ningún caso entenderse como unha cuestión menor a circunstancia que sexan outras profesionais alleas á nosa profesión, as responsables da súa confección e aplicación práctica.

Dentro das distintas titulacións das ramas sociais, a de Traballo Social é a única que integra no seu plan de estudos os coñecementos precisos para: A coordinación entre as distintas entidades (axentes de emprego, servizos sociais comunitarios e plan de inclusión); A integración e inclusión social das persoas e a intervención familiar nun marco de permanencia e adaptabilidade; A elaboración e interpretación do Informe Social; A xestión de prestacións sociais, a orientación laboral e a transición cara o emprego, entre outras.

No presente caso, tendo en conta o tipo de coñecementos adquiridos en Traballo Social e as funcións do posto de traballo ás que se refire o procedemento selectivo, suporía unha discriminación non xustificada nin razoable e, polo tanto, vulneradora do artigo 14 da Constitución, excluír ás e aos titulados en Traballo Social, xa que polas características do posto de traballo e polo xénero de tarefas a desenvolver, ningún impedimento real existe para que puideran acceder traballadoras sociais, carecendo esta diferenza de trato dunha causa obxectiva e razoable á luz das condicións de mérito e capacidade.

En virtude do exposto, consideramos que os/as Traballadores/as Sociais son profesionais cun perfil idóneo para desenvolver as funcións recollidas na Bases da Convocatoria e, polo tanto, solicitamos a declaración de nulidade do apartado referenciado da BASE QUINTA referenciada da Convocatoria, considerando dende este Colexio Profesional que a titulación en Traballo Social debe ser necesariamente incluída no acceso do procedemento selectivo.

Aos anteriores feitos son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I- O acto que se impugna pon fin á vía administrativa podendo ser obxecto de Recurso Potestativo de Reposición.
- II- O órgano competente para resolver é o mesmo órgano que ditou o acto, no presente caso, Alcaldía do Concello do Porriño.
- III- O recurso interponse dentro do prazo legal establecido dun mes.
- IV- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia goza de lexitimación para interpor este recurso administrativo ao tratarse dunha corporación de dereito público de base privada asociativa que ten recoñecida a defensa dos intereses das e dos profesionais que o integran tal e como recolle o artigo 6 dos seus Estatutos (*Decreto 47/2017, do 27 de abril, polo que se aproban os estatutos e a modificación da denominación do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia por Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia*).

Polo exposto,

SOLICITAMOS, Que tendo por presentado este escrito, sívase admitilo, e téñase por interposto en tempo e forma **RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN** fronte as Bases do proceso de selección de dous/as técnicos/as de Orientación Laboral no Concello do Porriño, ditando no seu día Resolución pola que se declare a NULIDADE DA BASE QUINTA, apartado G, referenciada en virtude dos argumentos expresados no corpo do presente escrito.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023



T. 981 568 100. F. 981 941 898
www.traballosocial.gal
info@traballosocial.gal

Asdo. Miriam Rodríguez Sierra

Presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

OUTROSI DIGO PRIMEIRO, Que conforme ao disposto no artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, solicitamos a **SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACTO IMPUGNADO** por concorrer a circunstancia prevista no artigo 117, xa que é evidente que a execución das Bases poden causar prexuízos de imposible ou difícil reparación ao imposibilitar a todo un colectivo de profesionais poder acceder ao procedemento selectivo obxecto da convocatoria.

NOVAMENTE SOLICITO, Que tendo por efectuada a anterior manifestación, se proceda a suspensión da execución do acto impugnado.

Lugar e data *ut supra*.



Asdo: MIRIAM RODRIGUEZ
o día 12/01/24 cun certificado emitido por:
AC Representación